


INSTRUCCIÓN DE CARREIRA

6º Budiño Raid Tui-Valença 2021



4º proba da liga galega de raids
6º Budiño RAID
CAMPIONATO GALEGO DE RAIDS

4 Modalidades:
Trekking
Orientación específica
Kayak
Bici

95 KM
10 horas
5 Sectores

2021
Sabado
11
Setembro

EUROCIDADE
TUI | VALENÇA
UNICIDADE

Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional

CONCELLO DE TUI
DEPORTE TUDENSE
CONSELLERÍA DE DEPORTES
CIENCIA CONCELLO DE TUI

MUNICIPIO DE VALENÇA

fegado
Federación Galega de Orientación

PROTECCIÓN CIVIL
CONCELLO DE TUI

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

SERTuy

Sumipor
SUMINISTROS INDUSTRIALES

Jaime Loureiro
CONSTRUCCIONES
CUBIERTOS, PAVIMENTOS
Y DECORACIÓN

Camino da Abelleira, n.º 15 - Guadán - MOS
Tels. 005 950 328 • construcciones@jaimeloureiro.es
www.jaimeloureiro.es

RODOSA
V.O. - ABRIL - CANGAS - PONTEVEDRA - OURENSE

Bar Casa


COVID-19

Comezamos a información de carreira recordando a necesidade por parte de todos de cumprir cas normas de **prevención de contaxios do COVID19**, dando cumprimento do protocolo **Fisio-Covid da Fegado**. Para elo e máis alo do mencionado nos vindeiros apartados deste documento, deixamos-vos para a súa consulta a seguinte información de interese:

- [Protocolo Fisio-Covid da Fegado](#)
- [Guia de boas practicas no Raid](#)
- [Infografia Fisio-Covid Raid](#)

Voltamos recordar a obriga de remitir ao email da organización a **declaración responsable**, si non o fixeches-des xa.


- [Declaración responsable](#)





ZOA DE CONCENTRACIÓN

- O centro de competición vai a estar situado, como se viu anunciando, no **centro interfederado de piragüismo** do concello de Tui.
[Rúa Tenencia, 1, 36713 Tuy, Pontevedra](#)



- Haberá **dúas** zonas de estacionamento habilitadas para a ocasión.
- O **aparcadoiro 1** estará xa a partir do venres a disposición de todos aqueles que se despracen en furgonetas ou autocaravanas e que queiran **pasar alí a noite**.
- O acceso ó centro de competición **farase pola rúa lateral**. Antes da apertura permitirase os equipos **achegar as súas caixas ata a zona de boxes nun vehículo**, pero inmediatamente deberá ser levado este a zona de estacionamento.
- O centro de competición **estará pechado ó tráfico o día da proba** e non estará permitido estacionar na zona acoutada nin na estrada de acceso.

CENTRO DE COMPETICIÓN

- Os boxes abrirán as **8:00h** para as categorías **3.0 e 2+1** e as **10:00h** para a categoría **Orienta-Raid**.
- Seguindo a directiva **Fisio-Covid** farase a **toma de temperatura** dos participantes e **desinfección de mans** para poder acceder a zona de boxes.
- Será obrigatorio o **uso de tapa bocas** durante todo o tempo que se permaneza nesta zona.
- Na zona de boxes haberá un **espazo reservado** para cada un dos equipos e **identificado co numero de dorsal**, en cada un deles haberá unha bolsa cos **dorsais (Raiders e BTT's), bridas, pulseiras, pinza sportident** (No caso de alugarense), obsequio da proba, etc...
- **Todo o material do equipo**, caixas, bicicletas, pas, etc.. **deixarase no box do equipo**.
- **Atención o material obrigatorio** sinalado nos boletíns
- Os equipos **deberan permanecer no seu box durante todo o tempo** que permanezan no centro de competición, tanto antes da saída como no transcurso das transicións que alí se realicen. Unicamente abandonaran os seus boxes para acudir a zona de pre-saída e/ou saída, a hora sinalada no **orde de saída publicado con antelación**.
- Haberá servizos pero non haberá duchas nin chan duro en cumprimento do protocolo Fisio-Covid.



SAIDA E TRANSICIÓNS


Tanto a entrega de mapas como a saída farase de forma **escalonada**, a intervalos de 1 minuto, de acordo a seguinte secuencia:

- **8:45h** comezo da **entrega de mapas** os primeiros equipos das **categorías 3.0 e 2+1**.
 - **8:58h** chamada a **pre-saída** dos primeiros equipos das **categorías 3.0 e 2+1**, un equipo de cada unha o mesmo tempo.
 - **9:00h** darase a **saída** os primeiros equipos das **categorías 3.0 e 2+1**, un equipo de cada unha o mesmo tempo.
-
- **10:45h** comezo da **entrega de mapas** os primeiros equipos da categoría **Orienta-Raid**.
 - **10:58h** chamada a **pre-saída** dos primeiros equipos da categoría **Orienta-Raid**, dous equipos o mesmo tempo.
 - **11:00h** darase a **saída** os primeiros equipos da categoría **Orienta-Raid**, dous equipos o mesmo tempo.
-
- Podedes consultar a vosa **hora de saída** na **web da Fegado**, [Listado Equipos ...](#)
 - **Entregarase un so xogo de mapas por equipo.**
 - Será **obligatorio** realizar a **descarga das pinzas** tras finalizar cada un dos sectores.
 - Haberá que picar a **baliza de inicio de sector** en cada un dos sectores do **raid**. Esta **picarse inmediatamente** despois da **descarga das pinzas** o finalizar un sector e marcará o inicio do seguinte, polo que **o tempo que o equipo permaneza en boxes conta como tempo efectivo do sector**.
 - Os equipos que cheguen a **meta despois do seu tempo máximo de carreira** (*incrementado nos minutos correspondentes a sua orde de saída*) **perderán tódolos puntos da sección que estiveran disputando**. Os **equipos que tras 30 minutos do peche de meta non houberan descargado as súas pinzas**, perderán **tódolos puntos do raid**.




NORMAS XERAIS DO RAID

O 6º BUDIÑO RAID 2021 vai ser un **raid SCORE**, o que supón que non haberá unha orde concreta para a realización dos sectores polo que cada equipo vai poder comezar polo sector que queira e do mesmo xeito continuar con calquera dos outros. **Tódolos sectores** do Raid van ser formato **SCORE**, o que supón que non haberá unha orde concreta para picar as balizas.



Estas **normas xerais** son de aplicación a **todo los sectores do Raid**, completando as instrucións que se dean, nas vindeiras paxina, para cada un dos sectores en particular.

- Na **táboa** da dereita tedes un **resumo das normas cartográficas** de aplicación xeral no Raid.
- **Recórdase** que circular, pasar ou atravesar unha estrada ou zona prohibida (sen remitir na vosa acción se esta foi involuntaria) sen ser polos pasos permitidos a tal efecto, supón a **descualificación** do equipo por un incumprimento dunha norma de seguridade.
- Recordade tamén que o **sistema de seguimento GPS** que vaise a empregar para seguir ós equipos en tempo real é **válido** tamén para poder **descualificar** os equipos que incumpran estas medidas de seguridade.
- **Toda a información sobre o Raid**, boletíns, raidbooks, horas de saída, etc.. Podédela consultar na **web da Fegado**, no enlace [6º BudiñoRAID Eurocidade Tui-Valença 2021](#)



As estradas e zoas **prohibidas** estarán sinaladas nos mapas de carreira cun **Sombreado maxenta raiado**.



Os **pasos permitidos** estarán indicados tamén en cor **maxenta sólido**. Para maior claridade representase tamén, co símbolo correspondente, a situación do paso a distinto nivel, se o houbera.



Representouse en **cor verde**, correspondente o símbolo **520.Zona privada**, as fincas privadas, fabricas e zoas industriais. Estas zoas pódense atravesar só po **los camiños e rúas de paso que as cruzan** e por ningún outro sitio.



A **liña maxenta transversal** sinaliza un **obstáculo** e representa na maioría arbores caídas. Representáronse por una **cuestión de seguridade**, sobre todo nas seccións de BTT, **non por que non sexan pasables**.



Co símbolo de **senda difusa** representáronse as **trialeiras e sendas** que polas **suas características técnicas ou de ciclabilidade** poden ter maior dificultade. Algunhas delas con **fortes pendentes e terreo moi técnico**.



Representouse cunha **frecha de cor verde** o **sentido de circulación** das rúas con circulación obrigada nunha soa dirección.

SECTOR TREKKING

Sector **Score** que combina unha primeira parte semi-urbana polas aforas de **Valença do Minho**, para pouco a pouco ir conducindo os raiders a zona de fortes pendentes e terreo escarpado do **Monte do Faro**.

- Teredes un **tempo máximo de 3:30h** para completar o sector as categorías **3.0 e 2+1**, e **2:00h** a categoría **Orienta-Raid**. **Chegar máis aló da hora de finalización suporá a perda de tódolos puntos do sector.** O tempo comeza a contar o picar a baliza de inicio de sector e finaliza o picar a de fin de sector, ambas na mesa de cronometraxe, polo que **o tempo que esteades no box conta como tempo do sector.**
- Teredes que cruzar a **ponte internacional Tui-Valença** do Minho tanto na ida como na volta a transición. **Está totalmente prohibido cruzar a ponte pola sua calzada central,** deberedes facelo polas **vías peonís a ambos lados da ponte.**
- **Prestade atención as estradas e zoas prohibidas así como os pasos permitidos.**
- E recomendable o uso de **polainas ou maias longas** debido a basta presenza de mato baixo e toxo na sua maioría.
- **Recentemente** houbo algunha tala pola zoa do monte e ensancharon **algunhas pistas** e abriron algunha nova, que salvo por iso non afecta o trazado.
- E posible que topedes con algunha **cancela para o gando,** por favor, volvelas a pechar o pasar.





SECTOR BTT ALOIA

Sector **Score** e a **BTT** mais longa do raid e de maior desnível. Levaravos, dependendo do itinerario elixido, por **pistas de boa rodaxe, sendeiros** e algunha que outra **estrada secundaria** ata case coroar o cumio do monte Aloia.

- Na zoa hai tamén multitude de **trialeiras**, algunhas con fortes pendentes e terreo solto. **Extremade as precaucións nesas zonas ou evitádeas se tedes dubidas.** Nos mapas están sinaladas da cordo a ciclabilidade da vía co símbolo de **senda difusa**.
- **Lembrede** que polo interior do **Parque Natural do Monte Aloia** **está totalmente prohibido circular coas bicis fóra dos camiños existentes.** **Atención** tamén **as sinais de prohibición de circulación e zonas acoutada**, pois dependendo da ruta seguida podedes atoparvos con algunha.
- **Prestade atención as estradas e zoas prohibidas así como os pasos permitidos.**
- Na zona do **tanatorio de Guillarei**, nos arredores do nó da estrada nacional e a autovía A52, preto da zona de competición e dependendo da ruta elixida, o **transito farase pola beira-rúa e a marxe dereita da estrada**, durante uns 20 metros, ate un sendeiro que baixa o camiño principal. Estará sinalizado con cinta e tamén no mapa.
- **Atención** tamén o **sentido de circulación dalgunhas rúas** tanto o saír como o chegar de volta o centro de competición. Estarán sobre-impresos no mapa os sentidos de circulación destas rúas, **fixádevos e recordade** que a participación no raid non exime do **cumprimento das normas de circulación.**



SECTOR BTT CALDELAS DE TUI

Sector **Score** de **BTT**. Un sector que combina **zonas semi-urbanas e humidaís**, con desniveis moderados que o confiren como un sector moi rápido onde a mención especial lévana o trazado da vía do tren, case que a par de unha estrada nacional, que polariza o mapa na súa metade norte e sur, soamente roto por uns cantos **pasos permitidos** para cruzar dunha a outra zona.

- **Atención as estradas prohibidas e os pasos permitidos**, **habará persoal** da organización neses puntos **tendo conta** dos participantes e **vixiando** o cumprimento das normas.
- **Atención** tamén o **sentido de circulación dalgunhas rúas** tanto o saír como o chegar de volta o centro de competición. Estarán sobre-impresos no mapa os sentidos de circulación destas rúas, **fixádevos e recordade** que a participación no raid non exime do **cumprimento das normas de circulación**.
- O tráfico non estará fechado polo que a participación no raid tampouco confire ningunha prioridade de paso.
- O entrar e saír do centro de competición pásase polo paseo fluvial que percorre a beira do río e onde hai tamén algún **parque infantil**. Especial **precaución** debes ter nesta **zoa peonil frecuentada tanto por nenos coma por persoas maiores**.

SECTOR O-PE TUI-VALENÇA

O noso internacional **Maikel Rodríguez** tenvos preparado un sector **Score** en formato **O-Pe Sprint**, nun mapa espectacular polo **casco antigo de Tui** e polos reconcos da **Fortaleza de Valença do Minho**. Todo un luxo para este **campeonato galego** que perfectamente podería selo dun campionato do mundo e que esperamos desfrutedes.


- Teredes que cruzar a **ponte internacional Tui-Valença** do Minho tanto na ida como na volta a transición. **Está totalmente prohibido cruzar a ponte pola sua calzada central**, deberedes facelo polas **vías peonís a ambos lados da ponte**.
- Nos mapas deste sector empregouse a simbología [ISSprOM-2019](#) para competicións **O-Pe Sprint**.
- Deberedes **interpretar o mapa** para atopar a forma de cruzar de un recinto da muralla ao outro e **recordade** que **está totalmente prohibido percorrer ou saltar os muros da fortaleza** por baixos que estes sexan. Estes estarán sinalados no mapa cos símbolos **201. cortado non pasable** e **515.muro non pasable** da normativa **ISSprOM 2019**. O equipo que sexa visto incumprindo esta premisa será **descualificado**.



201. Cortado non pasable




515. Muro non pasable



520. Area prohibida / Privada



- Está **prohibido** tamén, **transitar** polas **zonas privadas e/ou axardinadas** representadas no mapa en **cor verde oliva** co símbolo **520.Zona prohibida** da normativa **ISSprOM 2019**.
- Aplicouse tamén o símbolo **520.Zona prohibida** a contorna da vía do tren, polo que a veredes en cor verde por tratase dunha zoa de prohibición permanente.
- **Atención a estrada prohibida**, sinalada no mapa co raiado maxenta.
- **Atención ao trafico e a circulación de persoas** que dependendo da hora do día pode ser notable na contorna.
- **O longo do día** e por motivos alleos a proba, están programadas unha serie de **actividades musicais**, tanto no **casco de Tui** coma na **fortaleza de Valença**. Pensamos que o momento máis conflitivo pode darse entre as **15h e as 17h na fortaleza de Valença**, cunha previsible maior afluencia de xente pola contorna. Haberá persoal da organización pola zoa velando polo bo desenrolo da proba.



SECTOR KAIK

Sector **Score** polo **Rio Miño** na contorna habitual de adestramento do Clube de remo de Tui e que partirá dende o pantalán do centro de competición.

- **Atención as horas de apertura e peche** deste sector:
 - **09:00h a 13:00h** para a categoría **2+1**.
 - **15:00h a 19:00h** para a categoría **3.0**.
 - **15:00h a 18:00h** para a categoría **Orienta-Raid**.
- Os equipos que finalicen **fora de sector**, e dicir, **despois da hora de peche**, *incrementada nos minutos correspondentes a súa orde de saída na saída escalonada*, **perderán tódolos puntos que levaran feitos no sector**.
- Os **chalecos salvavidas** e os **kaiaks** serán **desinfectados** de acordo co protocolo **Fisio-Covid** antes e despois da entrega a cada un dos equipos.
- **Disporedes de un Kaiak por equipo**, polo que **so participan dous compoñentes**, os demais, que non participan no sector, **deberán permanecer no seu box** ate o remate dos seus compañeiros.

A scenic view of a river with a bridge and a hilltop town. The river is calm, reflecting the sky and the bridge. In the background, a hilltop town with several churches is visible. A bridge with a metal lattice railing spans the river. In the foreground, a paved area with a metal ramp and a small boat is visible. The sky is overcast with grey clouds. The text '!! GRAZAS !!' is overlaid in the center of the image, underlined.

!! GRAZAS !!